

Dende o **Concello de Gondomar** queremos colaborar e compartir o noso respecto pola Natureza e por iso seguimos con actuacións e programas sostibles co medio ambiente, como é a **compostaxe doméstica**.



Algo máis da metade dos residuos que xeramos no fogar están compostos por **restos de comida e restos vexetais de poda e de horta**. Toda esta materia orgánica pode ser reciclada por nós mesmos sen saír de casa e cun mínimo esforzo e tempo pola nosa parte.

Reciclar a materia orgánica mediante compostaxe doméstica ten numerosos **beneficios** dende o punto de vista ambiental e económico. Por un lado, se o residuo non sae da casa xa non é necesario recollelo, levalo ata o punto de xestión e logo reciclalo, aforrando deste xeito as emisións de CO₂ do transporte e o propio custo da **reciclaxe**. Por outro lado, o produto final que obtemos é un **fertilizante natural** de excelente calidade con propiedades que melloran o solo, equilibrando a súa **saúde** e evitando a compra e uso doutros produtos químicos.

¿Cal é o obxectivo da compostaxe doméstica?

- Reducir á metade a cantidade de lixo que depositamos nos colectores.
- Reducir as necesidades de recollida de lixo, transporte e tratamento dos residuos. É dicir, menores custos e menores emisións de CO₂ á atmosfera.
- Reciclar a nosa materia orgánica pechando o seu ciclo e devolvendo os seus nutrientes aos solos.
- Obter un compost (abono natural) e de boa calidade para as plantas.

Os residuos orgánicos poden ser un grave problema medioambiental se non se xestionan correctamente. A súa descomposición sen control produce lixiviados (líquidos cunha alta concentración de materia orgánica) que contaminan solos, ríos e acuíferos e emiten gases de efecto invernadoiro como metano e dióxido de carbono.

Podemos converter un residuo problemático nun recurso moi valioso. Reciclar a materia orgánica está nas túas mans!

Lembra!

Os restos de comida, de horta e xardín son a metade da nosa bolsa do lixo

¿Que podes botar no composteiro?

Olo! Carne e peixe en cantidades moderadas. Mestúrao, remexe e deixa todo cuberto cunha capa de material seco.

Restos da cociña:

- Froitas e verduras.
- Carne e peixe .
- Pan, legumes e cereais.
- Ovos e cunchas de moluscos.
- Pousos de café e infusións.
- Panos e papel de cociña sen tinturas.

Restos do xardín e horta:

- Follas, flores, raíces e restos das colleitas.
- Herba e palla.
- Restos de poda triturados.
- Cinza e serraduras de madeira sen aditivos.
- Papel e cartón (pode empregarse se non dispós de outro material estruturante).

Olo! As follas de pino, tuia e eucalipto deben botarse en cantidades moderadas, pois presentan substancias que non son favorables para a compostaxe.

Quen pode participar no programa de compostaxe do Concello de Gondomar?



O programa de compostaxe doméstica **está aberto a toda a veciñanza empadroada no concello de Gondomar**, polo que, se resides nunha **vivenda unifamiliar con espazo verde onde colocar o teu composteiro** podes inscribirte neste programa de compostaxe.

Cales son as vías de inscrición?

👉 Entrega a través do **rexistro** do Concello o **documento de solicitude de composteiro**. Poderás entregalo de xeito presencial ou ben na sede electrónica da páxina web.

No momento da inscrición **deberase indicar:**

- **Nome** e apelidos.
- **Enderezo**.
- **Teléfono** de contacto.
- **Referencia catastral**.

As persoas que soliciten o **composteiro** poderán **recollelo nas charlas informativas** que terán lugar ao longo do ano 2024. A estas persoas faráselle tamén entrega dun **manual** de compostaxe e todas elas recibirán unha visita do persoal técnico encargado do proxecto co fin de analizar como evoluciona o proceso de compostaxe e resolver dúbidas.

Se tes algunha dúbida:

✉ Enviando un **correo electrónico** a jose.alvarino@aspontes.org

☎ Chamando ao **teléfono** 667 129 340